

# Digresións sobre traducción literaria e literatura nacional

DARÍO XOHÁN CABANA



**H**ai algo máis dun ano fun amablemente convidado a participar nunha mesa redonda sobre o oficio de traducir na Casa de Galicia en Madrid. Non había moito tempo que eu publicara unha traducción de *Os tres mosqueteiros*, e aínda tiña bastante fresca a diversión que me producira a lectura comparada do orixinal e de tres traducións ás outras miñas linguas de lectura habitual, portugués, castelán e italiano. En realidade, a miña diversión, máis ben canallesca, non nacera da traducción italiana, que me pareceu bastante boa, senón se acaso da portuguesa, que aínda que non contiña moitas barbaridades, estaba escrita nun portugués famélico e entalado no que a penas se podía recoñecer a lingua de Camões ou de Aquilino Ribeiro. Pero a palma do disparate hilarante correspondíalle á traducción castelá que hoxe pasa por canónica, cometida por un profesional —Premio Nacional de Traducción, todo hai que dicilo— cuxo nome non quero dicir oficialmente, que mostraba páxina a páxina unha ignorancia do francés literario só comparable ó seu desprezo pola gramática e a estilística do castelán. A traducción non é mala, nin sequera pésima; como diría o meu amigo Ezequiel, que á súa profesión de técnico de son une a afección máis eficaz que coñezo á invención lingüística, era “aínda moito máis pior”. Xa que logo, o superlativo de “mala” que lle acae non é “malísima”, nin sequera “pésima”, senón o neolóxico e tamén ezequialesco de “putapénica”.

Pois ben: este traductor de cuxo nome non quero acordarme era un dos meus previstos comensais. A verdade é que estiven a piques de declinar o amable convite por non sufrir tal compañía, non fose o demo que me dese un ata-

que de risa no medio do acto. Non obstante, penso mellor e decidín aceptar, movido sobre todo por dous argumentos de grande peso: que daban dez mil pesos vellos pola participación, e que pagaban a viaxe e dous días de hotel. Había moitos anos que eu non vía Madrid, e a miña muller non fora nunca, e quería percorrer

con ela aquela fermosísima e horrenda cidade. Non tiven que arrepentirme; a pesar de todos os pesares, Madrid segue sendo unha cidade espléndida, e o meu “putapénico” e temido traductor resultou ser un pozo de sabedoría. Direivos ademais, a maior abundamento e a maneira de indicio, outra cousa que explica a súa presenza nunha mesa con tradutores galegos, onde ademais estaban Vicente Araguas e Basilio Losada: o anónimo en cuestión fora tamén traductor de Rosalía de Castro ó castelán.

Non intentarei reproducir aquí a súa madrileña intervención, pero si vos direi —porque me serviron de chareta prá miña leria de hoxe— dúas das súas ideas centrais.

Unha delas era a seguinte: Existe unha lingua específica das traducións, unha koiné traductiva “neutra”, e a traducción boa é aquela que, despegada da tradición literaria do idioma de destino, se substancia nunha linguaxe sen marcas. É dicir, segundo eu entendín, nunha lingua sen acento. Xa sabedes que hai anos se falaba de que a dobraxe ao galego das películas debía facerse nunha lingua sen acento, e as empesas de dobraxe ao servizo da televisión galega teñen rexeitado candidatos alegando que tiñan acento galego. Non falo mentira: unha das persoas excluídas das dobraxes por ese horroroso defecto foi Tareixa Novo, a de Fuxan os Ventos, que agora é deputada do Bloque. A lingua abstracta e pretendida-

mente neutra que o meu laureado traductor postulaba sería, pois, un equivalente escrito desa koiné televisiva de San Marcos que, en definitiva, ten acento da Calle Serrano de Madrid.

A segunda gloriosa idea do meu admirable teórico, talvez corolario da primeira, era a de que as traducións non debían nunca ser feitas por escritores, quería dicir, por escritores de creación, poetas ou novelistas. Ao parecer, as traducións dos poetas e dos novelistas son inevitablemente malas e traizoan sistematicamente os orixinais.

Confésovos que naquela mesa redonda conseguín algo case imposible: dominar a risa, e non só a risa, senón todo o meu espírito de contradición. Cun dominio de min mesmo sen dúbida admirable, gardeime moitísimo de rebater as teorías do meu comensal, e tampouco non cometín ningún acto de violencia física; limiteime, simplemente, a dicir case o contrario do que el dicía, que ao fin e ao cabo era o que eu levaba escrito nos meus catro folios de intervención.

Un traductor mercenario, atrevido e incompetente —coma o meu descolega de Madrid— é un fulano que colle un libro en francés e fai dúas cousas horrorosas: entende mal porque le mal a lingua de orixe, e transmite mal porque escribe mal a lingua de destino. Na tradución de *Les trois mousquetaires* que el fixo ao castelán hai varios centos de erros de interpretación; na que eu fixen ao galego pode haber algún, non digo que non; pode haber, se me apuran, unha ducia de erros, e por certo agradecerei a quen mos sinale, pra corríxilos se se chega a reeditar. Pero a principal diferenza entre a miña tradución e a del non é sequera esa; o principal é que a miña está concretada en bo galego, e a del nun castelán horroroso, nun idioma que non hai, que en realidade é unha lingua espuria cunha sintaxe falseada pola orde da frase francesa, un idiotilecto intransitable pra calquera lector que non teña corrompida a súa sensibilidade lingüística.

Perdoade a miña soberbia. É moi posible, incluso é seguro, que o traductor de *Les trois mousquetaires* ao castelán fale o francés moito mellor ca min, ou polo menos con moita máis soltura, unha soltura da que eu carezo absolutamente. Pero a min, hai xa ben anos, falándolle eu da miña incompetencia oral en italiano e o moito que me ía avergoñar dela en certo acto académico, Giuseppe Tavani díxome: ti es un traductor, home, ti non traballas de intérprete nunha axencia de viaxes. E quedóuseme a frase moito ben.

Pero vou intentar deixar o ton persoal e poñerme un pouco máis serio e sentencioso. Afirmarei, pois, dúas cousas que creo con firme-

**DARÍO XOHÁN CABANA** iniciouse no eido da poesía con obras como *Verbas a un irmao* (1970), *Romanceiro da Terra Cha* (1973), *A fraga amurallada* (1983) ou *Patria do mar* (1989) e *Canta de cerca de morte*, pola que recibiu o Premio Martín Codax en 1994. Durante anos dedicouse intensamente á novela, con obras como *Galván en Saor* (coa que obtivo en 1989 o Premio Xerais), á que seguirían *Forunato de Trasmundi* (1990), *Cándido Branco* e *o Cabaleiro Negro* (1992) e *O cervo na torre* (Premio Xerais en 1994), entre outras. Como traductor forneceu magníficas versións do *Cancioneiro de Petrarca* (1989), *A divina comedia* (1990) e a *Vida nova* (1994) de Dante Alighieri, ou *Os tres mosqueteiros* de Alexandre Dumas (2000).



Joachim Du Bellay, autor de *Déffense et illustration de la Langue Française*

za: primeiro, que a lingua das traducións non é outra cá lingua literaria normal; e segundo, que as traducións feitas por escritores de creación son, en principio, as máis desexables. E afirmo ademais que as traducións teñen desempeñado con frecuencia un papel de primeirísima orde na constitución das linguas literarias.

Lembraredes que Du Bellay, no capítulo V da primeira parte daquel fermosísimo panfleto titulado *Defensa e Ilustración da Lingua Francesa*, dicía aló polo ano 1549 que as traducións non eran suficientes pra darlle perfección á lingua francesa. Quería dicir o que dixou: non eran suficientes. Non negaba, xaora, que fosen convenientes e necesarias. Sen entrarmos en máis matizacións, lembremos tamén que naqueles anos se estaba producindo unha impresionante floración de traducións ao francés, e os protagonistas desta xeira eran grandes humanistas e grandes escritores e grandes creadores de idioma: Ronsard imita e traduce Píndaro e Horacio; Rémy Belleau traduce as odas de Anacreonte e a Cántiga das cántigas; Jean Antoine de Baïf traduce Sófocles e Hesíodo. Isto en canto á Pléiade; pero o grande Marot, que era protestante, traduce soberbiamente os salmos; e outro grande poeta, Maurice Scève, adícase tamén a traducir, parécese que Petrarca entre outros. Herberay des Essarts, máis inclinado á modernidade, métese co noso Amadís de Gaula ou coas cousas daquel bispo absentista de Mondoñedo que se chamaba frei Antonio de Guevara. O *Orlando* do Ariosto, o *Cortegiano* de Castiglione, San Tomás More, Plutarco, falan francés do trinque. E o grande humanista e impresor Étienne Dolet achou tempo, antes de ser queimado por herexe, pra teorizar e sentar cátedra: *Manière de bien traduire d'une langue en l'autre...* Ao bo Du Bellay non lle parecía que as traducións puidesen substituír a creación literaria propia nacional; pero tamén el traducía, e nada menos cá *Eneida* de Virxilio e o *Banquete* de Platón: pra ilustración da lingua francesa.

Nos albores das literaturas hai mesmo casos de traducións que determinaron absolutamente o futuro do idioma; cítase especialmente o exemplo, que por ignorancia non sei argumentar, pero que parece evidente, do alemán literario moderno, cuxa textura se fundamentou esencialmente na tradución da Biblia por Martiño Luther. Pero hai moitos máis: as traducións bíblicas husitas xa comezaran a asentar o romeno no século XV; o checo parece ter sido fixado como lingua literaria pola chamada Biblia de Kralice, publicada a finais do século XVI, e outro tanto pasou ao parecer co esloveno, co finés, co sueco, co danés, co estonio. Ben se ve que as biblias dos protestantes tiveron

unha tremenda influencia nas linguas dos países onde a Reforma triunfou. Case nos sentimos tentados a laiar que en Galicia non se protestara así; pero non apuremos tanto, pois a biblia protestante checa foi moi boa pra lingua dos checos, pero serviu de instrumento de colonización lingüística en Eslovaquia, pois os protestantes eslovacos adoptaron o checo como lingua litúrxica. Se cadra, de triunfar a protesta, os nosos avós tiñan que engulir a biblia castelá de Casiodoro Reina amañada por Cipriano de Valera...

A influencia das traducións bíblicas foi enorme, como era natural naquelas sociedades enormemente relixiosas, ou polo menos enormemente condicionadas pola relixión. E non sucedeu só nas “linguas vulgares”, senón tamén moito antes no propio latín, cando o latín era coma quen di a única lingua escrita. O latín medieval europeo —sobre todo o latín literario, pero tamén o diplomático— é esencialmente o latín da tradución bíblica de San Xerome.

Pero tamén as traducións, digamos, profanas, tiveron grande peso nalgunhas outras linguas literarias. As traducións catalanas realizadas no século XV —do latín, do francés ou do italiano— foron decisivas no seu tempo pra desprovenzalización do catalán, aínda que o vento negro da historia varreu provisoriamente con elas. A primeira xeira literaria da prosa castelá nace na Escola de Tradutores de Toledo; e a prosa castelá renacentista débelle máis á tradución do *Cortegiano* do conde Baldassarre de Castiglione, feita por Juan Boscán, que a ningunha obra orixinal. Non moito menos importantes puideron ser entre nosoutros cousas coma a *Crónica Troiana* ou as traducións da Materia de Bretaña e as versións galegas da historiografía afonsina; estas si o foron certamente pró desenvolvemento literario do noso codialecto do sur. A principios do século XVII, unha tradución de *La Gierusalemme liberata* feita por Jan Kochanowski foi tamén decisiva como modelo no posterior desenvolvemento do polaco.

E sobre todo, non esquezamos o caso máis notable e evidente, aínda máis ilustre e máis antigo. A fundación da literatura latina débese a un grego romanizado, o escravo Lucio Livio Andrónico, que case parece creala de súpeto, ou polo menos sementala. No século III antes de Cristo, este Livio Andrónico, o primeiro poeta latino de nome coñecido, traduciu á súa lingua adoptiva varias obras de teatro gregas e mais a propia *Odissea* de Homero, tradución esta que foi estudada como texto canónico nas escolas ata o comezo da época imperial.




Estas pedanterías con que vos aflixo case me están desviando do que realmente quería dicir. Volvamos a Galicia.



É evidente que a prosa galega medieval, a prosa literaria digo, constou, que saibamos, principalmente de traducións: da materia de Troia, da materia de Bretaña, dos *Miragres de Santiago*, e tamén, xaora, das versións galegas da obra histórica promovida por Afonso o Sabio. Obras indíxenas coma a *Crónica de Iria* tiveron, seguramente, menos difusión.

Pero contra o que pasou cos nosos irmáns do sur do Miño, entre nós esa xeira non callou, non tivo continuidade: Galicia foi capada. E varios séculos despois, o Rexurdimento non se cuestionou moito traducir. Eran outros tempos, e entre outras cousas debía influír a manía de orixinalidade que imperou no século XIX; pero tamén, en grande maneira, e quizabes máis aínda, o atraso económico, a miseria editorial e a miseria do analfabetismo xeral de Galicia.

É a Xeración Nós a que toma conciencia da cuestión. Certamente, o século XX perde en gran parte o fetichismo da obra orixinal, como tempo de síntese que empeza a contemplar en perspectiva todo o decorrer da historia, todo o abano do mundo. Pero, por outra banda, aínda é máis importante que o rexionalismo se converte en nacionalismo; que se rompe totalmente co concepto de literatura dialectal; que se racha con España como unidade cultural; que se asenta a conciencia de Galicia como centro do mundo. Risco —o cabrito de Risco— formula o concepto de soberanía estética da nación galega, e eso, naturalmente, trae consigo consecuencias; unha delas é a aparición de traducións ao galego xa non anecdóticas, senón obedientes a unha especie de plan colectivo. Certo que non son moitas; a penuria editorial dos anos vinte e trinta segue sendo grandísima, a potencia de fogo das editoriais galegas é tan pequena como heroicos son os editores; e eso mesmo vai valer pró difícilísimo rexurdir das cinzas do holocausto fascista. Pero aínda así, lembremos as traducións e paráfrases de poetas gregos e latinos feitas por Cabanillas, que forman un corpus ben considerable, aínda que un pouco anárquico; lembremos a versión das rubaiatas de Umar Kaián por Prácido Castro; a tradución fragmentaria do *Ulises* feita por Otero Pedrayo co propósito claro de darlle na cabeza a España facendo que Joyce chegase a Compostela antes que a Madrid. Dentro dese mesmo espírito están as magníficas traducións de clásicos latinos por Iglesia Alvariño, e as menos boas, pero tamén moi meritórias, de Gómez Ledo. Etcétera, etcétera. O malo é que non se podía pola fodida penuria editorial, pero o espírito habíao, e nel comungaban as mellores mentes da intelectualidade galega.



Lembremos o sempre citado caso de Cataluña: unha economía diferente, cunha burguesía nacional complicada política e sentimentalmente na Renaiñença, consolida unhas empresas editoriais de notable poder. Unhas editoriais que adican unha grande parte do seu esforzo a constituíren un corpo de traducións de clásicos antigos e modernos ao catalán, con increíble frecuencia realizadas polos mellores escritores, que non desdébñaban poñer a súa destreza no oficio ao servicio doutras inspiracións, doutras creacións; en definitiva, ao servicio da lingua catalana, da patria catalana, que así contribuían tamén a construír. Joan Maragall traduce Goethe, Nietzsche, Heine, Schiller, Novalis e Wagner; Narcís Oller, Dumas, Goldoni, Turgueniev, Tolstoi; Josep Carner, Dickens, Shakespeare, Molière, La Fontaine, Andersen, George Eliot, Mark Twain, Villiers de l'Isle Adam, Musset, La Bruyère, Defoe, Lewis Carroll, e ata os poetas clásicos chineses; Carles Riba, Homero, Eurípides, Esquilo, Sófocles, Plutarco, Xenofonte, Edgar Allan Poe, Hölderlin, Kavafis e a biblia en verso; Segarra, Shakespeare, Dante, Miguel Anxo, Molière, Goldoni, Tennyson, Leopardi, Pirandello, Chesterton, Marcel Pagnol; Joan Oliver, Goldoni, Shaw, Beckett, Molière; Marià Manent puxo en catalán o máis florido da poesía inglesa; Pere Gimferrer, Stendhal, Voltaire, Flaubert...

Nos outros —pobres de nós— non puidemos tanto; pero a gana non lle faltaba a Cabanillas, non lle faltaba a Otero, non lle faltaba a Prácido Castro, a Aquilino e a moitos máis. O soño era claro: os galegos debiamos poder achegarnos ao máis graúdo da literatura universal desde a lingua galega. Era un soño imposible cando foi soñado. Despois, fíxose posible, polo menos posible.

Eu, xaora, non son autonomista; moito ao contrario, son separatista. Pero, así a todo, cando Xulián Maure se sacrificou a ser Director Xeral do Libro, ou de Cultura ou de algo así, no goberno da Xunta, eu concibín, conféseoo, grandes esperanzas, especialmente cando propuxo a creación dunha editoria nacional galega. Cría eu que eso era posible —sempre tendín moito ó posibilismo—, e pensaba que esa Editora Nacional, con presupostos xenerosos, podería cumprir en poucos anos, digamos, dez ou doce, o soño que sen dúbida tiña soñado Otero: construír unha Biblioteca Universal Galega que permitese que os cidadáns cultos deste país puidesen facer en galego o núcleo central das súas lecturas; e sobre todo, que permitise que os galegos novos, os estudantes, os que se estaban a formar, os que serían a flor e a forza da cidadanía galega do ano 2000, accedesen á literatura universal desde a súa propia lingua. Unha biblioteca privada máis ca regular consta de cin-

cocentos ou mil libros —nos andeis e na cabeza; contén idealmente Homero, Esquilo, Eurípides, Virxilio, Horacio, Xulio César, Lucrecio. Contén Dante, Petrarca, Boccaccio, Ariosto, Leopardi, Manzoni, Pirandello, Calvino... Contén os trobadores provenzais, Mistral, Ausias March, Salvador Espriu, Manuel de Pedrolo, Mercè Rodoreda... Contén Villon, Ronsard, Du Bellay, Molière, Montaigne, Voltaire, Rousseau, Diderot, Stendhal, Balzac, Victor Hugo, Dumas, Flaubert, Zola, Mallarmé, Péguy, Saint-Exupéry, Fournier, Sartre, Gide, Robbe-Grillet, sabe deus...

A proposta de Xulián Maure foi fulminante, e o seu cesamento tamén. Resultou que o posibilismo non era posible. Unha política confusa e miserabilista impoñíase nas chousas da mal chamada —por mal feita, e porque resultou ser por antífrase— normalización cultural.

Lembro que pouco despois desta decepción, ou pra dicilo máis coloquialmente, desta foda que levamos, eu mesmo publiquei, no primeiro número de *A Trabe de Ouro*, un artigo máis posibilista aínda có proxecto de Maure, titulado *Unha modesta proposición: traducir mil libros ó galego*. E dicía máis ou menos como e canto, que o como non era moi difícil, nin o canto parecía moito. Pero xaora, o artigo pasou sen pena nin gloria, e se algún reparou nel non debía ser a persoa indicada, pois nada se moveu.

A realidade parecía favorable a estas propostas: hai unha Xunta de Galicia que, mal ou ben, fai as veces dun goberno galego, ou polo menos dun goberno rexional, con presidente e todo, e mesmo un parlamentiño que de cando en cando resulta divertido até. Hai tamén unha curiosa convención, que consiste en crer ou facer crer que todos somos galeguistas menos o alcalde da Coruña, e que todos estamos de acordo en que hai que defender o galego, que hai que promover a nosa cultura e todas esas gaitas ou pandeiros. Pero a triste realidade é que o goberno rexional non move unha palla que non fose antes levantada polo vento; e ata as pallas que levanta o vento —o vento do nacionalismo—, o goberno parece que só as move pra facelas caer de novo, pra que podrezan no fondo da palleira. Hai mesmo todo un departamento de normalización lingüística que máis ben parece unha empresa de pompas fúnebres organizando o enterro da lingua galega —un enterro non exactamente de terceira, pero tampouco de primeira; un digno enterro de segunda clase, cunha liturxia aínda ben solemne, mais desde logo sen excesos—. Ou usando outro símil mortal, unha unidade hospitalaria de dor, como se di agora: o enfermo está condenado, pero métenlle morfina a



embute pra que non lle doia o cancro. Así o enfermo dorme e tá quietiño, e os familiares e amigos non esvencellan nin forman escándalo. Quen non se consola é porque non quere.

Eu, por suposto, non creo que o noso enfermo se vaia a salvar cun programa de traducións coma o que acabo de suxerir; a única cousa que podería asegurar a supervivencia do galego sería a independencia de Galicia, e eso, xaora, sempre que o estado galego se gobernase ben; que tamén se podía gobernar mal. Pero o meu sempiterno posibilismo lévame a pensar que unha política decidida de contención do desastre, mesmo dentro das posibilidades dun goberno autonómico, pode ser eficaz; pode conter, se non en todo, polo menos en parte, o terrible proceso de desgaleguización xeracional. Disque o catalán pode tamén morrer; pero a verdade parece ser que a política lingüística da Generalitat conseguiu vitorias importantes: os cataláns de estirpe vella non perden o catalán, e os cataláns de estirpe nova adquireno como lingua de relación e de cultura. E todo o mundo sabe que nas tres provincias que forman oficialmente Euskadi hoxe hai máis euscaldúns ca hai vinte anos.

Cada vez é máis tarde; pero creo que aínda sería tempo de que a Xunta reconsiderase a súa política lingüística e cultural. E dentro dela, paréceme que un eido non moi grande, pero tampouco nada desdeñable, sería o de traducir mil libros ó galego. Mil libros esenciais, mil flores da literatura.

Porque as editoras privadas —coma quen di, as únicas que existen— non o poden facer: as leis do mercado non llelo permiten. Así, o panorama das traducións, despois duns anos de certa auxe, parece cada vez máis misérrimo. Tradúcese algo, si: aquí e aló, de cando en cando, sae unha notable tradución dun grande clásico: *O Señor dos Aneis*, poño por caso. Pero o que máis abunda son con moito as traducións de libros infantís, a maior parte deles literatura de xénero de valor puramente comercial, versións galegas simultáneas de restoballo castelán ou catalán, produto de editoras españolas ou catalanas con sección galega, ou con socia galega. Literatura ínfima, e enriba en traducións con frecuencia pésimas, rapidamente feitas a tanto o folio nun galego raquíptico que non hai deus que o lea.

Porque, contra o que opinaba o meu tan lembrado comensal de Madrid, a tradución é un oficio plenamente literario, un oficio nobilísimo e digno do maior respecto. As facultades de tradución e interpretación están moi ben pra producir intérpretes; pero pra traducir literatura, e traducila ben, hai que mallar o ferro; hai que ser escritor, de creación ou non, pero hai que dominar a prosa e o verso, o oficio





artístico, e quen domina a arte de escribir é un escritor. E por suposto, hai que dominar a lingua, os recursos da lingua de destino. Mal poderá traducir a prosa diamantina de Diderot alguén que non posúa un galego ricaz, alguén que non vaia máis adiante do patois televisivo de oitocentas palabras e unha sintaxe de ortopedia. O meu comensal de Madrid afirmaba que hai ou debe haber unha linguaxe “neutra” prás traducións. Eu non digo que non a haxa; por desgracia, tamén en galego parece abrir camiño unha lingua franca, ou crioulo, ou koiné plana dese tipo; na fin das contas, un castro. Pero non debe habela: a lingua ideal das traducións non é outra cá lingua literaria común, formada pola tradición literaria e pola aportación persoal do traductor, escritor, literato, home ou muller de letras, artista da palabra que se pon ao servizo, humilde e orgullosamente, do estro creativo doutros —que no acto da tradución converte en seus iguais—. E ao servizo, tamén e máis aínda, da construción da lingua nacional.

E non digo que todos os escritores sexan bos tradutores; non, precísase un espírito, un espírito humilde, imitativo, que é a maior gloria do tradutor. Quen non ten ese espírito —quen non sabe adoptalo no acto da tradución— será un mal tradutor, anque sexa ao mellor un bo poeta, anque produza textos literariamente bos. Baste un como exemplo: Octavio Paz ten comedido algunhas das traducións de poesía máis disparatadas que vin na miña vida. Os resultados ao mellor eran poeticamente estimables, aínda que a min non mo parecen; pero o poema en castelán era de Octavio Paz e non de Baudelaire. Outro tanto pasaba entre nós con Cunqueiro: o peor tradutor imaxinable, e sen embargo as súas traducións de poesía inglesa ou francesa son excelentes poemas. Excelentes poemas de Álvaro Cunqueiro.

Pero cando o escritor é humilde, cando se subordina ao traducido, o resultado é en xeral o mellor posible; porque o escritor de raza —o que é verdadeiramente escritor, non necesariamente bo, pero si sempre tenso—, o escritor de verdade é o que adora a súa lingua. Por eso creo que un programa nacional de traducións, ese que debería promover a Xunta de Galicia se se arrepentise da súa política miserable —cada vez máis miserable neste eido—, debe contar en primeiro lugar cos escritores. Tamén con outros que non son exactamente escritores de creación, pero que teñen a tensión da lingua: penso por exemplo en Antón Santamarina coa súa modélica versión do *Pinocchio*. Mais estou ben seguro que ese programa nacional —dotado sen coreñadas de tío Miseria— contaría coa adhesión

entusiástica e co traballo afanoso de colegas coma Xavier Alcalá, coma Xavier Rodríguez Baixeras, coma Xela Arias, coma Antón Dobao, coma Manuel Riveiro Loureiro, autores xa de magníficas versións de grandes libros. E contaría tamén con outros que aínda nunca traduciron, e que sen dúbida adicarían con gusto e con civismo parte do seu tempo a tan fermoso labor, a tan patriótico labor.

Mais, pra dicir a verdade, non confío moito en que a Xunta cambie de actitude nun prazo previsible. Mentres tanto, permitídemme expoñer-vos unha proposta, coa esperanza de que vós a adoptedes e lle comades o tarro a quen corresponder.



Quen corresponde é *La Voz de Galicia*. A Voz está estes días levando a termo unha fazaña editorial que parecía imposible, ou polo menos mo parecía a min. Eu nunca pensei que a Biblioteca Galega 120 chegase a espallar máis de dez ou doce mil exemplares de cada volume; e resultou que espalla máis de corenta mil, que é unha verdadeira animalada nun país de menos de tres millóns de habitantes. Pra falar en metáfora: fixérono de moito carallo.

A proposta que vos fago é a seguinte: seducírmos a *La Voz de Galicia* pra que faga, poñamos que pró 2004 que é Ano Xacobeo, unha Biblioteca Universal 120, ou como lle queiran chamar. Nesta biblioteca figurarían non as mil, pero si 120 obras escollidas da literatura universal —talvez só da europea e americana, pra sermos realistas— en versións ben coidadas. Parte delas están feitas xa; eu mesmo podo ofrecer tres, como sabedes: *A divina comedia*, *Os tres mosqueteiros*, e mais o *Cancioneiro* de Petrarca, este nunha nova tradución que rematei hai uns meses. Mesmo, se fai falla, teño inédita unha Antoloxía do Dolce Stil Novo, que ofrezco tamén, e *A vida nova*, aínda que estas dúas paréceme que teñen lugar nun canon de mil, pero que sobran nun de cento vinte. E logo hai moitas boas traducións xa feitas: o Buzzati e o Manzoni do Baixeras, o Sallinger do Dobao, o Rabelais do Harguindei, o Horacio do Aquilino, o Calvino da Silvia Gaspar, o Stevenson do Alcalá, etc., etc., etc. Non me parei a establecer unha posible lista canónica, ben fácil de inventar por outra banda; como os canons sempre son algo elásticos, ben se puidera facer aproveitando ao máximo o que xa hai; se cadra máis da metade dos libros elixibles están xa ben traducidos, aínda que dispersos, esgotados ou inaccesibles. O resto, con ano e pico polo medio, poden encargarse aos mellores tradutores do país: a Xunta non podería reear moito pagar estas cincuenta traducións, ¿ou?

Esta sería unha excelente maneira de celebrar laicamente o xubileo, e sería unha nova trascen-

dental contribución de *La Voz de Galicia* á lingua galega e á cultura galega. Eles saben facelo, que ben o demostraron: hai estrutura empresarial, e o bo facer ficou probado.

Eu non sei se desta biblioteca se venderían tantos exemplares coma da outra; a verdade ben dita, creo que tantos non. Pero se cadra estou equivocado, como tamén o estiven coa primeira. E non só me equivocaba eu: tanto a Voz coma os editores galegos facían previsións tan modestas coma a miña. A vida ten moitas sorpresas. ■



Albert Camus

